

As primeiras alumnas do Instituto da Coruña

Ana Romero Masiá

aromeromasia@yahoo.es

RESUMO

A partir da documentación conservada no actual *Instituto de Ensino Secundario Salvador de Madariaga* da Coruña, se estuda o paso por ese centro escolar das primeiras mulleres que nel se matricularon. Trátase de 23 alumnas que fixeron o exame de ingreso para cursar os estudos de Bacharelato e/ou cursaron algunha das materias daquel currículo entre os inicios da institución (1862) e o derradeiro curso do século XIX (1898-99).

Abstract

From the documentation preserved in the current *Salvador de Madariaga* de Coruña Secondary Education Institute, the passage through that school of the first women who enrolled in it is studied. There 23 students who took the entrance exam to study for Bacharelato and/or took any of the subjects of that curriculum between the beginning of institution (1862) and the last year of the 19th century (1898-99).

Palabras clave. Instituto Coruña. Elvira Rodríguez Castiñeira. Rita Comellas Coimbra. Venancia Balsa López. María Tejero Márquez. Consuelo Núñez Antón. Nieves Quiroga Pardo-Bazán. Carmen Teresa Méndez Gil. María de la Luz Rodríguez Salgado. Inés Hernández Sanmartín. Faustina González Fernández. Carolina Pérez López. María Águeda García Iribarne. Sofía María Tella Comas. María Barbeito Cerviño. Clara Plá Escot. Joaquina García Iribarne. Elisa Díaz Remesal. Isabel Martínez Morás. Carmen Vivero Loño. Rita Amparo López Jean. Juana Montero Font. Carmen Gutiérrez Corcuer. María Valiño Longueira.

Key words. Coruña Institute. Elvira Rodríguez Castiñeira. Rita Comellas Coimbra. Vencianca Balsa López. María Tejero Márquez. Consuelo Núñez Antón. Nieves Quiroga Pardo-Bazán. Carmen Teresa Méndez Gil. María de la Luz Rodríguez Salgado. Inés Hernández Sanmartín. Faustina González Fernández. Carolina Pérez López. María Águeda García Iribarne. Sofía María Tella Comas. María Barbeito Cerviño. Clara Plá Escot. Joaquina García Iribarne. Elisa Díaz Remesal. Isabel Martínez Morás. Carmen Vivero Loño. Rita Amparo López Jean. Juana Montero Font. Carmen Gutiérrez Corcuer. María Valiño Longueira.

O INSTITUTO DA CORUÑA

A Real Orde de 10 de setembro de 1862 concedeu á Coruña a creación dun instituto de Segunda Ensinanza completo e local que incorporaba as cátedras das escolas de Comercio e Náutica. Pero o camiño ata chegar a ese punto foi longo e non foi ata o quinto intento cando se conseguiu que funcionase na cidade aquel centro de ensino tan insistentemente demandado. Os primeiros intentos remontanse a 1845¹ cando, secundando a iniciativa de Freire de Andrade, 93 veciños, contando co apoio do Concello, solicitaron sen éxito a instalación do instituto. O segundo intento, en 1851, o terceiro de 1853 e o cuarto de 1858 tampouco tiveron éxito e houbo que agradar a 1862. O instituto da Coruña foi o último das grandes cidades galegas, pois desde 1842 xa o tiña Lugo e, pouco despois, en 1845, creáronse os de Ourense, Pontevedra e Santiago, así como o de Monforte en 1848.



Papeleta coa información para o inicio do estudos no instituto no curso 1862-63.

1 A Lei Pidal de 1845 establecía a creación de institutos en todas as capitais de provincia, agás excepcións, como foi a de Santiago por ser distrito universitario.

O instituto de 1862 tiña categoría de *local*, o que significaba que o alumnado de ensinanza libre (privado e doméstico) tiña que ir a examinarse a Santiago, que era o provincial. En 1870 se concedeu á Coruña tamén a categoría de *provincial*, aínda que se lle retirou en 1875 para devolverlla definitivamente en 1876.

O primeiro local no que funcionou o novo instituto foi o palacio do Marqués de Camarasa, na rúa Ferrerías, un edificio mercado inicialmente por veciños da cidade e que logo pasou a ser propiedade do Concello². Alí estivo o instituto ata que se construíu o novo edificio grazas á xenerosa doazón do empresario Eusebio da Guarda que comezou a funcionar no curso 1890-91³. En 1941, en aplicación da segregación establecida no ensino pola lexislación franquista, o instituto foi dividido: as mulleres na primeira planta e os homes na última con entrada independente pola rúa de Modesta Goicoría. Así funcionou o instituto ata a inauguración dun novo edificio para os homes en 1947, o actual Salvador de Madariaga⁴.

-
- 2 O edificio foi mercado por un elevado número de veciños mediante subscrpción de accións por un total de 123.000 reais coa finalidade de que nel se instalase o novo instituto e para ofrecerello posteriormente ao Concello, de modo que este puidese mercar o edificio nese mesmo prezo coa condición de que lles fose devolvendo o importe a razón de 10.000 reais anuais. A Corporación municipal acordou efectuar esa compra na sesión extraordinaria do 15 de abril de 1864 e a nova propiedade do Concello quedou rexistrada o 27 de setembro de 1864. Entre os accionistas figuraron personalidades tan destacadas da cidade como Eusebio da Guarda, Antonio Lens, Pedro e José de la Encina, José Folla, Juan Montero Telinga, José María Abella, Fernando e Manuel Torres Adalid, Fernando Rubine e José Marchesi Dalmau. En 1881 o Concello ainda non devolvera totalidade dos cartos aos accionistas. *Expediente Sobre adquisición polo Concello do palacio dos señores de Camarasa, na rúa Herrerías nº 6 para Instituto de Segunda Enseñanza. 1862-1892.* AMC. AC. c-2638 (03). Descripción deste instituto en Anexo 1.
 - 3 O deterioro do antigo palacio Camarasa levou a Eusebio da Guarda a ofrecer ao Concello, en 1881, construir un novo local para instituto ás súas expensas no que se instalase tamén a Escola de Artes e Oficios. O terreo seleccionado —parte do baluarte do Caramanchón— era propiedade do Ministerio de Guerra, e a el había que engadir algúns terreos particulares. Por R.O. de 24 de decembro de 1885 aprobouse o proxecto do arquitecto Faustino Domínguez Coumes-Gay; as obras remataron en 1889 e o instituto comezou a funcionar no curso 1890-91. Descripción deste instituto en Anexo 2.
 - 4 Desde o seu inicio o edificio actual do IES Salvador de Madariaga estivo destinado á ensinanza masculina, permanecendo no IES Eusebio da Guarda a femenina. Así se mantuvo a segregación ata as últimas décadas do século XX. O novo edificio foi inaugurado oficialmente o 23 de setembro de 1947.



Edificio onde se instalou o primeiro instituto da Coruña. Hoxe, moi remodelado, está o *CEIP Cidade Vella*.



O edificio do novo *Instituto Eusebio da Guarda*.

AS MULLERES, ALUMNAS NOS INSTITUTOS

Os estudos de ensinanza secundaria, especialmente os de Bacharelato, ata ben entrado o século XIX, non se concibían como apropiados para as mulleres porque estaban deseñados como antesala de estudos universitarios, vetados para as mulleres. Por iso, as mulleres que decidían acudir aos institutos facíano para ampliar algúns aspectos dos recibidos na escola primaria e non desexaban facelo nas Normais, que tiñan unha finalidade especificamente profesional. De aí que, en moitos casos, as mulleres se matriculaban únicamente en determinadas materias —caso do Francés como veremos no instituto da Coruña— sen que o seu obxectivo fose obter o título final de Bacharelato, a diferencia dos homes que trataban de rematar os estudos e alcanzar a titulación.

Atrasou tamén a incorporación das mulleres ao ensino secundario a polémica de se debían facelo en centros especiais para elas ou se podían compartir as ensinanzas cos seus compañeiros varóns⁵. Non había acordo entre os responsables da elaboración da normativa, enfrentando aos defensores dos costumes e moral pública tradicionais cos que defendían os dereitos das mulleres a estudar nos institutos ata que se creasen outros específicos para elas. Se non podían asistir ás clases e querían examinarse nos institutos significaba que terían que preparar unhas materias de forma particular, co conseguinte custo económico, un agravio cos seus compañeiros que recibían unha ensinanza con moito menor custo.

A R.O. de 16 de marzo de 1882 autorizaba a continuar os estudos na Universidade ás mulleres que xa estivesen matriculadas, pero prohibía novas incorporacións, situación que se confirmou cunha nova orde de outubro dese ano, desaparecendo así a razón básica para realizar os estudos de Bacharelato. Deste modo, o Goberno entendía que para as mulleres os estudos de Bacharelato debían considerarse como ampliación do ensino primario e non como preparación para a Universidade. Pero, finalmente, unha nova orde de 25 de setembro de 1883 volvía a permitir a presencia das mulleres nos institutos. Veremos como afectou ás alumnas da Coruña este vaivén no ordenamento lexislativo.

Cando o obxectivo das mulleres non era obter o título senón ampliar determinados coñecementos (podían matricularse de materias soltas), atopamos na Coruña unha situación similar á doutros casos estudiados: que se matriculaban no instituto cando xa tiñan o título de mestras

5 «Ayer tarde se reunió el Consejo de Instrucción pública. En él se acordó consultar la creación de establecimientos especiales de Segunda Enseñanza para la mujer, en cuyo punto estuvieron conformes todos los individuos del Consejo, surgiendo la división de pareceres cuando se trató de autorizar su asistencia a los establecimientos públicos que existen en la actualidad mientras se lleva a cabo la organización de los especiales. Ocurrióse naturalmente la dificultad de los inconvenientes que resultarían de asistir a unas mismas clases individuos de uno y otro sexo, y sobre esto se discutió ampliamente sin llegar a un acuerdo definitivo. A la sesión asistieron casi todos los consejeros». *La Iberia* (Madrid), 29-4-1881, p. 3.

de educación primaria. Este foi o caso, entre os expedientes analizados, de catro mestras: Sofía Tella Comas, María Barbeito Cerviño, Rita Amparo López Jean e María Valiño Longueira.



A documentación conservada nos diferentes expedientes non nos permite coñecer, máis que en contadas ocasións, o status social das súas familias, aínda que como a maioría das alumnas eran coruñesas, o máis posible é que pertencesen ao grupo da burguesía que dominaba a cidade tanto desde o punto de vista político como económico e que caracterizaba á cidade desde había décadas⁶. É certo que moitas mulleres de clase media recibían educación na propia casa mentres agardaban para casar, pero tamén que outras, contando co apoio familiar, decidiron ampliar fóra do fogar esa formación e outras, poucas, pero non por iso menos destacables, quixeron conseguir un medio de vida propio mediante a formación académica. Dos poucos casos estudiados nos que puidemos coñecer algo más da vida desas primeiras alumnas matriculadas no instituto da Coruña, caso de María Barbeito, Sofía Tella ou Rita López Jean, casaron bastantes despois de rematar os estudos e vivir da súa profesión, que non abandonaron logo da voda.


O informe elaborado en xaneiro de 1882 cos datos transmitidos polos reitores sobre *Mujeres que han hecho estudios en la Universidades e Institutos oficiales de España en los últimos años*⁷ permite coñecer os nomes daquelas primeiras mulleres que, desafiando tantos prexuízos, se animaron a compartir espazos reservados aos homes e vivir situacións incómodas por estar totalmente soas rodeadas de elementos masculinos, tanto de profesores como de compañeiros de estudio.

6 Un indicio indirecto para aproximar a condición social das alumnas son os domicilios que figuran nos expedientes e pode comprobarse que corresponden a rúas habitadas, case exclusivamente, pola burguesía comercial e industrial asentada na Coruña, moi diferentes daquelas nas que se instalaban os traballadoras das fábricas e do porto.

7 C. Flecha García, 1998 b: 235-259. Segundo este informe, a primeira alumna matriculada nun instituto en España foi Antonia Arrobas, que o fixo no instituto de Huelva no curso 1870-71.

AS PRIMEIRAS ALUMNAS NO INSTITUTO DA CORUÑA

Os datos deste traballo proceden do arquivo do propio instituto, custodiado agora no *IES Salvador de Madariaga* da Coruña⁸. Alí conservan o Libro-rexistro do alumnado matriculado entre 1862 e 1928 e a maioría dos expedientes dese alumnado⁹.



Primeira páxina do Libro que contén a relación do alumnado matriculado no instituto da Coruña entre 1862 e 1928.

A relación do alumnado matriculado non está diferenciado por cursos senón que está organizado por orde alfabética de apelidos, de modo que é preciso consultar os expedientes

8 Quero agradecer publicamente as facilidades dadas pola Dirección do instituto para consultar a documentación e, de modo especial, a D. Pablo de Diego pola amabilidade mostrada durante as sesións de traballo.

9 *Libro-rexistro de alumnado do Instituto General y Técnico de La Coruña. Instituto Provincial de La Coruña 1862-1928*. Sig. 1404/1. Como se indica na primeira páxina, “es copia literal del antiguo libro que dejó de usarse por estar muy deteriorado”.

para saber a que ano corresponde cada un. Para este estudo seleccionamos unicamente os casos de alumnas matriculadas no instituto comprendidos desde os inicios ata 1899 e, segundo os datos dese rexistro, a primeira matriculación dunha muller tivo lugar no curso 1872-73 e a segunda en 1875-76. Este lento pero significativo aumento de alumnas mereceu o comentario da prensa local.

Dicen que una señorita se recibió de Bachiller en el Instituto. También nos gusta que las mujeres se vayan aplicando mucho y sean como los hombres para aprender cada día más y conseguir que todos vean y sepan que en España, como en América, no dejan de nacer mujeres que tengan talante para el estudio de todas las ciencias.


El Telegrama (A Coruña), 5-10-1875, p. 1.

Entre 1862 e 1928 matriculáronse no instituto, aproximadamente, 11.255 alumnos e alumnas, dos que unicamente eran mulleres 507, é dicir, o 4,5% do total, pero hai que ter en conta que 484 o fixeron despox de 1900, data desde a que foron aumentando progresivamente en número. Analizando unicamente as que forman parte deste estudo, temos que entre a primeira data —1882— e a última —1899— unicamente figuran nese libro rexistro 23 mulleres¹⁰, o que supón o 0,33% do total do alumnado deses anos, así que nos primeiros 37 anos do instituto (1862-1899) só estiveron matriculadas esas 23 alumnas e varias delas o fixeron unicamente para cursar algunha materia concreta, especialmente Francés. Segundo os seus expedientes, unicamente catro completaron os estudos e obtiveron o título de Bacharelato: Rita Comellas Coimbra, Inés Hernández, Isabel Martínez Morás e Rita Amparo López Jean¹¹.


Analizando as datas dos expedientes observamos que á primeira alumna matriculada (1872-73) non seguiron máis ata pasados dous cursos (1875-76), para volverse a interromper durante catro (1888-89) e coller un maior ritmo a partir da última década do XIX, cun forte impulso no derradeiro curso do século¹². É posible que as contradicións na normativa de permitir ou impedir a matriculación das mulleres desanimase ás posibles candidatas e, unha vez aclarada definitivamente a posibilidade de estudar nos institutos e ademais, no caso da Coruña, o funcionamento do novo *Instituto Eusebio da Guarda*,

-
- 10 A identificación dos expedientes de mulleres está dificultada polo feito de que, en varias das ocasións comprobadas, o nome figura no libro en masculino cando, unha vez consultado o expediente, resultou ser en feminino (Venancio por Venancia, Faustino por Faustina...) polo que é posible que nesta selección que presentamos talvez tivese que estar incluída algunha muller máis que o copista da relación escribiu mal no libro.
- 11 Cos datos que posuimos, o ritmo de obtención de títulos de Bacharelato era moi inferior ao conseguido noutras zonas, caso do País Vasco: “Seis señoritas de San Sebastián han tomado el título de bachiller al terminar el curso de 1882-83 en el Instituto de aquella población”. *La Voz de Galicia* (A Coruña), 10-7-1883, p. 3.
- 12 A porcentaxe global do alumnado feminino nos institutos galegos foi aumentando moi lentamente ata finais da Segunda República: 11,6% do total da matrícula en 1919-20; 18% en 1924-25; 28,3% en 1931-32; 31,5% en 1934-35. Costa Rico, 2004: 954.

contribuíron a que aumentase o número de alumnas a partir do curso 1891-92, aínda que sempre de modo moi reducido.



As idades das alumnas, na súa primeira matriculación, son moi variadas, pois cómpre lembrar que, en calquera momento, podían matricularse dalgúnha materia e que varias delas o fixeron logo de cursar os estudos de Maxisterio, ou que se matricularon na Coruña logo de estar matriculadas con anterioridade noutros institutos de fóra da cidade. Hai tamén varios casos nos que non consta a súa idade no expediente.




A partir do Libro-rexistro da matrícula e dos expedientes persoais conservados, así como dalgunhas información recollidas da prensa, imos dar referencia daquelas 23 primeiras alumnas do instituto da Coruña. Os datos dos expedientes non están completos, polo que non se pode coñecer, na súa totalidade, como foi o paso destas primeiras alumnas da institución escolar coruñesa.

Se comparamos os datos da Coruña co que sucedeu noutros institutos, vemos que a matriculación na Coruña entre 1882 e 1899 ocupa o número 3 da listaxe de 16 institutos analizados, detrás de Madrid (43) e Cádiz (29)¹³ e a maior parte delas realizaron estudos durante varios anos.


13 C. Flecha García, 2006: 461.

ESTUDOS REALIZADOS POLAS PRIMEIRAS ALUMNAS DO INSTITUTO DA CORUÑA



Elvira Rodríguez Castiñeira. Nº de expediente: 956. É o primeiro nome de muller que figura no libro rexistro de matrícula do instituto. Nacera na Coruña, vivía na rúa Pórtico de Santo André nº 1 e, con 16 anos, o 20 de maio de 1873 solicitou permiso para poder examinarse, recibindo unha inmediata e favorable resposta do director do centro. Realizado o exame de ingreso o 17 de xuño de 1873, no que obtivo a nota de Aprobado, examinouse tamén, por libre e nese mesmo mes de xuño de 1873, de Latín e Castelán I que superou tamén con Aprobado. No curso seguinte de 1873-74 aprobou tres das materias nas que se matriculara —Latín e Castelán II, Xeografía e Historia Universal—, pero non se presentou a Historia de España.

O expediente non facilita máis datos sobre esta adiantada alumna coruñesa que se animou a romper unha barreira para que a seguisen outras, talvez animada polos aires de liberdade que se respiraban na Coruña republicana e nas xestións dun Concello presidido, por primeira vez na historia, polo republicano Federico Tapia Segade, bo coñecedor da situación escolar da cidade e sempre favorable a mellorar a condición das escolas e dos escolares daqueles anos.



Instancia de Elvira Rodríguez solicitando permiso para poder examinarse no instituto (20-5-1873) e resposta favorable do director (21-5-1873).

Rita Comellas Coimbra. N° de expediente: 1.183. Naceu na rúa Magdalena de Ferrol o 22 de maio de 1865, filla do coruñés Benigno Comellas, operario no corpo de maquinistas da Armada, e da ferrolá Rosa Coimbra. Ademais de Rita, o matrimonio tivo sete fillos, entre os que destacou Manuel, escritor e periodista e impulsor do periódico de maior difusión en Ferrol, onde se fundou, *El Correo Gallego*, do que tamén foi director durante varios anos¹⁴.


Polos datos que posuímos, matriculouse por primeira vez no instituto da Coruña no curso 1875-76, cursando as trece materias do Bacharelato con excelentes cualificacións: cinco materias con Sobresaliente, cinco con Notable, unha con Ben e dúas con Aprobado, o que lle permitiu obter o Grao de Bacharelato con Aprobado na sección de Letras e Sobre-saliente na de Ciencias¹⁵.

Venancia Balsa López. N° de expediente: 1.897. Segundo a partida de nacemento que presenta, naceu en Padrón (A Coruña) o 17 de decembro de 1861 e foi bautizada cos nomes de Venancia, Juana e María de la O. O seu nome levou a confusión ao propio administrativo que copiaba os nomes do alumnado no libro-rexistro, pois figura como

¹⁴ <https://www.juancardona.es/FamiliaCardona/Historia%20Familia%20Cardona%20Comellas%20%20Web.pdf>

¹⁵ C. Flecha García, 1998 b: 240.

Venancio en lugar de Venancia. Tamén a prensa cometeu o mesmo erro, polo que tivo que desculparse¹⁶, o que dá idea de que para moitos era impensable que o nome fose en feminino. O 28 de setembro de 1882 fixo o exame de ingreso, no que obtivo a cualificación de Aprobado¹⁷.



Exame de ingreso no Instituto realizado por Venancio Balsa López.

16 *La Voz de Galicia* (A Coruña), 12-10-1883, p. 3.

17 Na folla do exame de ingreso figura "Curso 1881-1882" pero as materias cursadas xa corresponden ao curso seguinte. Iso explica que na Memoria do curso 1881-82, presentada polo secretario do instituto, non se fai referencia a ningunha alumna. *La Voz de Galicia* (A Coruña), 11-7-1883, p. 2

Domiciliada na rúa Ancha de Santo André nº 19, no curso 1882-83 matriculouse na modalidade de Ensinanza doméstica na materia de Historia natural, obtendo a cualificación de Sobresaliente na convocatoria de setembro, pero *sin efectos académicos*. No curso seguinte, tamén en setembro, de novo obtivo Sobresaliente en Fisioloxía e Hixiene.

Estes estudos do instituto os compaxinaba cos que realizaba na Normal de Mestras desde o curso 1881-82, xunto coas súas irmás Concepción e Carmen¹⁸. En xuño de 1884 obtivo Sobresaliente nos exames para obter o título de mestra da Primeira Ensinanza Superior e nas oposiciones de novembro de 1889 conseguiu o nº 6 na listaxe xeral, sendo destinada á escola incompleta de Brandeso entre xuño e decembro de 1890. En novembro de 1890 volveu a opositar conseguindo o nº 2 mellorando destino, pois puidó ocupar a escola de Arzúa¹⁹. Nesta escola permanecía en maio de 1899 cando foi nomeada para formar parte do tribunal para escolas elementais de nenas e párvulos²⁰. Polo menos desde 1915 era mestra de párvulos na Coruña.

Venancia debía ter boas aptitudes para o canto e a pintura, pois a prensa recollía a súa actuación en 1882 na *Reunión de Artesanos*²¹ e alababa as cualidades da súa obra²².

María Tejero Márquez. Nº de expediente: 2.107. Nacida na Habana o 10 de xullo de 1870, a súa nai presentou ao director do instituto unha solicitude, con data do 15 de setembro de 1883, para que puidese facer o exame de ingreso a súa filla de 13 anos. Na marxe desta solicitude, con data do 21 de setembro de 1883, o director do instituto, José Pérez Ballesteros²³, indica que, segundo a orde do 20 de outubro de 1882, non se pode matricular nin examinar. Pero, a continuación anota que, segundo a resolución da Direc-

18 *La Voz de Galicia*, 3, 5-6-1883, p. 2.

19 “Ejercitó en la oposición a escuelas de niñas, vacantes en noviembre de 1889, obteniendo la calificación de Sobresaliente por unanimidad y el número sexto en el orden de mérito. También concursó como opositora a las escuelas elementales vacantes en las oposiciones verificadas en el distrito universitario de Santiago en el mes de noviembre de 1890 habiendo obtenido la calificación de Sobresaliente por unanimidad y el número segundo del orden de mérito habiéndosele otorgado la escuela de niñas de Arzúa”. En 1909 enviou varios escritos reclamando que se mellorasen as condicións da vivenda da mestra, pois eran tan malas que tivo que alugar unha vivenda, e reclamaba as compensacións polos gastos orixinados. AHUSC. F.U. c-237 (3).

20 *La Voz de Galicia* (A Coruña), 30-5-1899, p. 2.


21 “El martes último ha tenido lugar la primera representación de la sección de infantiles aficionados en la sociedad Reunión de Artesanos [...]. La señorita Venancia Balsa cantó acompañada del Orfeón coruñés, y de la orquesta, la preciosa balada del maestro Campana titulada “La historia de Nervia”, que interpretó muy bien, mereciendo los honores de la repetición. *La Voz de Galicia* (A Coruña), 28-7-1882, p. 2.

22 “Hemos tenido ocasión de ver un precioso abanico delicadamente pintado a la aguada por la maestra superior señorita doña Venancia Balsa, quedando admirados de la corrección del dibujo y de la frescura y brillantez del colorido”. *La Voz de Galicia* (A Coruña), 29-6-1886, p. 3.

23 José Pérez Ballesteros era o catedrático de Lóxica, Psicoloxía e Ética do instituto e o seu director durante case todo o período estudiado. Foi unha destacada figura do estudo do folclore galego,

ción Xeral de Instrucción Pública, quedaba anulado o anterior e por iso accede á solicitude e poderá examinarse.

Unha vez concedido o permiso, María realiza o exame de ingreso o 30 de setembro de 1883, no que obtivo a cualificación de “Buena”. No curso 1883-84 matriculouse, en ensinanza doméstica, en Latín e Castelán I e Xeografía, pero non consta que se presentase aos exames.



Instancia presentada por Isabel Márquez, no nome da súa filla María, solicitando permiso para examinarse e resposta do director Pérez Ballesteros.

Consuelo Núñez Antón. N.º de expediente: 2.807. Trátase dunha alumna procedente de Villafranca del Bierzo (León), localidade onde naceu en 1870 e onde fixo o exame de ingreso en setembro de 1883. Nesa mesma cidade estudou, durante os cursos 1883-

ademas de poeta e redactor de traballos de temas lingüísticos e literarios. Foi un dos impulsores da Real Academia Galega e seu primeiro tesoureiro.

84, 1884-85 e 1885-86 os tres cursos de Bacharelato con boas notas na convocatoria de xuño²⁴. Pasou logo uns anos sen cursar estudos de secundaria para matricularse no instituto da Coruña, durante o curso 1888-89, en Ensinanza doméstica, nas materias de Xeometría e Trigonometría, pero non chegou a examinarse.

Nieves Quiroga Pardo-Bazán. Nº de expediente: 3.297. Foi breve o paso da filla de José Quiroga e Emilia Pardo Bazán, nacida o 18 de agosto de 1879 e bautizada como María de las Nieves, Vicenta, Juana e Elena, porque na Coruña unicamente fixo o exame de ingreso con 11 anos, no que mereceu a nota de Notable, o 27 de setembro de 1890. Matriculouse de Latín e Castelán I e Xeografía no curso 1890-91 pero o 11 de novembro de 1890 pediu o traslado do seu expediente para continuar os estudos no Instituto Cardenal Cisneros de Madrid.

Carmen Teresa Méndez Gil. Nº de expediente: 3.610. Naceu en Vigo o 23 de xuño de 1880 e con 11 anos ela mesma presentou a solicitude para poder facer o exame de ingreso, así como todas as solicitudes que fará para poder matricularse nas diferentes materias ou para poder optar ás mencións honoríficas ás que daba dereito a cualificación de Sobresaliente. Era filla de Eduardo Méndez Brandón, deputado polo distrito de Celanova nas eleccións de 1873 e xuíz municipal en Vigo. Instalado na Coruña, abriu despacho de avogado e foi decano do Colexio de Avogados e vicepresidente da Comisión provincial. Estivo casado con Filomena Gil de Acuña, nai de Carmen Teresa. Faleceu na Coruña en 1927.

O seu paso polo instituto foi moi paralelo ao de Luz Rodríguez Salgado pois eran as únicas mulleres no medio dos 138 alumnos de 1º no curso 1891-92²⁵, coincidindo tamén na cualificación de varias materias. O 21 de setembro de 1891 fixo o exame de ingreso con Sobresaliente, o primeiro dos moitos que obtivo ao longo dos cursos de Bacharelato, tanto estando matriculada na ensinanza doméstica como na oficial.

No curso 1891-92 obtivo Sobresaliente en Latín e Castelán I e Xeografía, merecendo a Mención nesta última. No seguinte curso, 1892-93, Notable en Latín e Castelán de II e Sobresaliente con Mención en Historia de España. No curso 1893-94 non se examinou de Aritmética e Álgebra, pero obtivo Sobresaliente en Retórica e Poética, Historia Universal e Francés I. No último curso, o de 1894-95, tampouco se examinou de Psicoloxía elemental e de Dereito usual, pero de novo mereceu Sobresaliente en Matemáticas, Elementos de Física e Historia natural. Con este bo expediente, parecería

²⁴ Segundo o certificado que presenta na Coruña, obtivo, sempre na convocatoria de xuño, Sobresaliente nas materias de Latín e Castelán I e Xeografía; Ben nas de Latín e Castelán II e Historia de España de segundo e, nas de terceiro curso, Notable en Retórica e Poética e Historia universal e Aprobado en Aritmética e Álgebra.


²⁵ *La Voz de Galicia* (A Coruña), 23-7-1892, p. 3.

lóxico rematar os estudos para ter o título de Bacharelato, pero no seu expediente non constan máis datos. A prensa da época recolle, en varias ocasións, os resultados dos exames do instituto, confirmando os datos do expediente²⁶.

María de la Luz Rodríguez Salgado. Nº de expediente: 3.632. Naceu en Santiago o 22 de xaneiro de 1879 e con 12 anos solicita persoalmente ao director do instituto ser admitida para realizar o exame de ingreso, solicitude que autoriza, coa súa sínatura, o pai da rapaza. Tras realizar o exame de ingreso o 21 de setembro de 1891, inicia os estudos de Bacharelato con notable éxito, tal como consta no seu expediente académico e recolle ás veces a prensa²⁷. Agás os cursos de 1892-93 e 1898-99 que se matriculou na modalidade de ensinanza doméstica e se presentou aos exames en setembro, o resto das materias cursounas como oficial e na convocatoria de xuño e María de la Luz foi conseguido destacadass cualificacións: Sobresaliente con Mención en Latín e Castelán I e Notable en Xeografía no primeiro curso (1891-92); Notable en Historia de España e Aprobado en Latín e Castelán de segundo curso (1892-93); Sobresaliente en Francés I e Notable en Retórica e Poética, Historia universal e Aritmética e Álgebra (1893-94); Sobresaliente en Elementos de Física e en Historia natural, Notable en Psicoloxía elemental, Ben en Dereito usual e non se presentou a Matemáticas (1894-95). No curso 1895-96 non figura matriculada, pero si nos seguintes nos que cursou Psicoloxía, Lóxica, Ética con Notable, Xeometría e Trigonometría con Ben e non se presentou a Francés II (1897-98); no derradeiro curso (1898-99) non se presentou a ningunha das materias nas que se matriculara (Física e Química, Agricultura e Francés II).

26 *La Voz de Galicia* (A Coruña), 14-7-1893, p. 2; 13, 28-6-1894, p. 2; 7-6-95, p. 1.

27 *La Voz de Galicia* (A Coruña), 23, 24-7-92, p. 3; 28-6-94, p. 2; 7, 23-6-95, p. 1.



Exame de ingreso de Luz Rodríguez Salgado.

A pesar de ter cursados estudos de ensino secundario no instituto durante seis cursos, non consta que obtivese o grao de Bacharelato pero si sabemos que continuou a súa formación na Escola Elemental de Industrias e Belas Artes da Coruña obtendo, en xuño de 1904, Sobresaliente e premio en Debuxo e modelado²⁸.

Inés Hernández Sanmartín. Nº de expediente: 3.740. Nacida na Coruña en 1877, Inés cursou estudos no instituto ao mesmo tempo que tres irmáns: Abelardo (nº expediente 3741), Carlos (nº expediente 3742) e Arturo (nº expediente 3.743) e, tendo en conta a seriación dos seus expedientes, posiblemente fose a maior de todos eles. Fixo o exame de ingreso no instituto de Zamora o 17 de xuño de 1890 e nese mesmo centro e cidade cursou os dous primeiros anos do Bacharelato; o primeiro (1889-90) por libre con Sobresaliente

28 *La Voz de Galicia* (A Coruña), 2-6-1904, p. 2.

en Latín e Castelán I e o segundo (1890-91), na ensinanza doméstica, con Sobresaliente en Latín e Castelán II na convocatoria de setembro.

No curso 1891-92 aparece matriculada no instituto da Coruña, na modalidade de ensinanza libre, obtendo Sobresaliente en todas as materias: Retórica e Poética, Aritmética e Álgebra e Francés I e Francés II na convocatoria de xuño e Xeografía na de setembro. Case idénticas foron as cualificacións do seguinte curso 1892-93: Psicoloxía, Lóxica e Ética, Xeometría e Trigonometría, Agricultura, todas aprobadas con Sobresaliente en xuño e con Notable a Historia de España en setembro²⁹. No último curso volveu á ensinanza oficial, curso 1893-94, e obtivo Sobresaliente en todas as materias na convocatoria de xuño: Historia universal, Física e Química, Historia natural e Fisioloxía.

Con este magnífico expediente, presentouse ao exame de Grao de Bacharelato o 7 de xuño de 1894, no que, unha vez máis, obtivo Sobresaliente. Inés continuou estudos na Escola Normal de Salamanca.

Faustina González Fernández. Nº de expediente: 4.050. Este foi outro dos casos que nos levou a confusión porque, igual que nos casos comentados anteriormente, no libro de rexistro figuraba como Faustino. Naceu en Oviedo o 27 de maio de 1879 e realizou o exame de ingreso no instituto coruñés o 25 de setembro de 1893 con nota de Ben. No curso 1893-94 foi cualificada con Sobresaliente en Latín e Castelán I e en Xeografía e “aprobada por asistencia” en Ximnástica. Para iso presentou un certificado asinado por D. Luis Hevia o 30 de maio de 1894, profesor de ximnasia do colexio privado Dequidt, no que india que *Faustina ha asistido como alumna todo el curso académico de 1893 a 1894 al gimnasio de mi propiedad establecido en la calle Juana de Vega nº 5*³⁰.

Carolina Pérez López. Nº de expediente: 4.186. Pouco podemos dicir desta alumna, nacida no concello de Santa María de Neda o 22 de decembro de 1876, que con 16 anos fixo o exame de ingreso no Bacharelato en Ferrol o 29 de setembro de 1893 para matricularse no curso 1893-94 no instituto da Coruña, pero preparando as materias no colexio privado *El ángel de las escuelas* de Ferrol. Matriculouse en materias de primeiro curso —Latín e Castelán I, Ximnástica e Xeografía— pero non se examinou de ningunha e non figuran más datos no seu expediente.

María Águeda García Iribarne. Nº de expediente: 4.483. Naceu en Bos Aires o 5 de febreiro de 1882 pero vivía en Betanzos cando iniciou os seus estudos de Bacharelato. Realizou o exame de ingreso no colexio privado de Betanzos, incorporado ao instituto da Coruña, o 28 de setembro de 1895 e realizou estudos de primeiro ano nese mesmo centro

29 *La Voz de Galicia* (A Coruña), 14-7-1893, p. 2.

30 O colexio Dequidt foi un dos máis recoñecidos colexios privados da Coruña e nel se formaron numerosas personalidades da vida política e cultural da cidade, así como moitos alumnos e alumnas que preparaban o exame para o ingreso no instituto.

no curso 1895-96 obtendo Sobresaliente en Latín e Castelán I, Xeografía e Relixión e Moral na convocatoria de xuño.

No curso seguinte (1896-97), xa na Coruña e por libre, tamén obtivo Sobresaliente en xuño nas materias de Latín e Castelán II e Francés I³¹ e Notable en setembro en Historia de España, Aritmética e Álgebra. Nos seguintes cursos —1897-98, 1898-99, 1899-1900— foi aprobando con Notable e Sobresaliente as materias nas que se foi matriculando (Francés II, Historia universal, Psicoloxía, Lóxica e Ética, Agricultura, pero no curso de 1900-1901 non se examinou das que se matriculara: Física e Química e Historia natural.

Sofía María Tella Comas. Nº expediente: 4.653. Irmá xemelga de Mercedes³², naceu na Coruña o 22 de setembro de 1868 e, como ela, obtivo o título de mestra de Primeira Ensinanza Superior en setembro de 1886, tras cursar os estudos correspondentes na Escola Normal de Mestras coruñesa durante os cursos 1883-84, 1884-85 e 1885-86³³.

Case dez anos despois de rematar os estudos de Maxisterio, matriculouse na instituto no curso 1895-96, en ensinanza libre, para cursar Xeografía, Relixión e Moral, obtendo en todas a cualificación de Sobresaliente na convocatoria de setembro. No curso seguinte, 1896-97, obtivo tamén Sobresaliente en xuño na materia de Historia de España.

O 15 de setembro de 1900 casou con Augusto Veiga Valenzano e trasladouse a vivir a Betanzos, onde faleceu o 2 de abril de 1902.

María Barbeito Cerviño. Nº de expediente: 4.739. Naceu na Coruña o 2 de marzo de 1880 e antes de matricularse no instituto cursou estudos primarios na Anexa da Escola Normal e a carreira de Maxisterio no mesmo centro entre 1893 e 1896³⁴. Obtivo o título de Mestra Superior aos 16 anos co nº 1 nas oposiciones en 1901 e elixiu destino na Escola Nacional da Guarda, centro que dirixiu desde 1915 a 1936 e no que aplicou unha nova filosofía educativa que o converteu en referencia obrigada para o maxisterio galego.

Non se conserva o seu expediente no instituto pero, grazas aos datos conservados procedentes do seu arquivo persoal, consta que se matriculou e examinou, por libre, e obtivo Sobresaliente en Francés 1 (18-6-1897) e Francés II (28-9-1899)³⁵.

31 *La Voz de Galicia* (A Coruña), 20-6-1896, p. 2. Para examinar en Betanzos trasladouse unha comisión especial do instituto.


32 Mercedes Tella foi directora da Escola Normal de Mestras da Coruña entre 1907 e 1910 e de 195 a 1932.

33 ARG. Fondo Escola Normal de Mestras. C-4750.

34 ARG. Fondo María Barbeito, c-5857.

35 ARG. Fondo María Barbeito, c-5871 (7).

A extraordinaria traxectoria profesional de María Barbeito foi tronzada pola sublevación de 1936. Pola resolución do expediente de depuración realizado polas autoridades franquistas foi separada definitivamente do servizo en 1937 e posteriormente, en 1941, se procedeu á súa xubilación forzosa. Comezou entón unha nova etapa da súa vida na que realizou varias traducións de libros franceses, de modo que os estudos realizados no instituto axudáronlle nesta nova actividade profesional. María Barbeito faleceu na Coruña o 20 de novembro de 1970³⁶.



Papeleta de cualificación de Francés de
María Barbeito Cerviño.



María Barbeito en 1907.

Clara Plá Escot. N° de expediente: 4.820. Falta o expediente desta alumna que figura no libro de rexistro, pero polo número de expediente debeu matricularse no curso 1896-97.

Joaquina García Iribarne. N° de expediente: 4.861. Desta alumna, irmá de María Águeda e un ano menor que ela, únicamente consta no seu expediente a partida de nacemento, a solicitude para poder facer o exame de ingreso e o propio exame. Por estes datos sabemos que naceu en Bos Aires o 2 de agosto de 1883 e que era veciña de Betanzos cando solicitou o ingreso. Fixo ese exame o 20 de setembro de 1897 e obtivo a cualificación de Ben.

Elisa Díaz Remesal. N° de Expediente: 5.014. Sabemos que estivo matriculada no instituto porque así consta no libro de rexistro, pero falta o expediente na documentación do instituto. Polo número de rexistro debeu realizar o exame de ingreso en 1898.

36 A. Marco, 1993 a, 2005. C. Pereira Martínez, 1998. A. Romero Masiá, 2014.

Isabel Martínez Morás. Nº de expediente: 5.044. Tamén falta este expediente na documentación do instituto, pero pola documentación conservada na Real Academia Galega³⁷ podemos reconstruír parte do seu expediente. Isabel naceu en 1884, filla de Andrés Martínez Salazar, historiador, editor e escritor e director do Arquivo Histórico de Galicia (1872) e presidente da Real Academia Galega (1923).

Isabel realizou o exame de ingreso no instituto en 1898 e comezou os seus estudos no curso 1898-99 conseguido ter un dos expedientes más premiados da súa promoción. Segundo os diplomas conservados no arquivo familiar, mereceu Diploma con Premio en Castelán, Xeografía, Aritmética e Contabilidade e Doutrina cristiá do primeiro curso (1-10-1899) e en Latín, Historia, Francés e Relixión no segundo (1-10-1899). Tamén obtivo Diploma con Sobresaliente con opción a Matrícula de Honra en todos os cursos seguintes: Preceptiva literaria, Historia e Xeografía, Francés e Aritmética e Álgebra (Sección de Letras, 30-9-1901); Elementos de Cosmografía, Historia Universal, Xeometría e Trigonometría (Sección de Ciencias, 30-9-1902); Física, Química, Historia natural, Agricultura, Fisioloxía e Hixiene e Debuxo na Sección de Ciencias e Historia da Literatura, Psicoloxía e Lóxica e Ética na Sección de Letras (30-9-1903).



Diploma con Premio de Isabel Martínez Morás



Diploma con Sobresaliente con opción a Matrícula de Honra de Isabel Martínez Morás

Pola nota necrolóxica que publicou a prensa, sabemos que obtivo o título de Bacharelato en Ciencias e Artes. A rápida enfermidade que acabou coa súa vida con apenas 20 anos impediu que Isabel continuase o que prometía ser unha carreira de futuros éxitos profesionais³⁸.

37 ARG. Fondo Familia Martínez Morás, Plan 8/1. Neste fondo consérvanse os diplomas dos premios obtidos por Isabel Martínez Morás.

38 "En el tren mixto de ayer mañana fue traído a La Coruña desde San Pedro de Oza el cadáver de la angelical señorita Isabel Martínez Morás, hija de nuestro distinguido amigo D. Andrés Martínez Salazar. Fue recibido por numerosísimos amigos de la familia en la Plaza de Orense, y de allí con-

Carmen Vivero Loño. Nº de expediente: 5.077. Desta alumna, nacida en Barcelona o 22 de abril de 1885, únicamente sabemos que fixo o exame de ingreso o 21 de maio de 1898 con nota de Aprobado e que tamén con Aprobado se examinou de Francés I en xuño dese mesmo ano.

Rita Amparo López Jean. Nº de expediente: 5.091. Naceu en Vila de Rutis (Culleredo) o 30 de outubro de 1885 e mostrou, desde moi nena, unha enorme capacidade de traballo, aplicación e intelixencia como o demostra que con 13 anos aprobou os exames de reválida para ser mestra de Primeira Ensinanza Superior o 30 de setembro de 1898, estudos que iniciara no curso 1895-96 na Escola Normal de Mestras da Coruña³⁹.

Coa mesma data da realización do exame da reválida de Maxisterio, Rita Amparo presenta a solicitude ao director do instituto para non ter que presentarse ao exame de ingreso por ter o grao de mestra, petición á que accede o director Pérez Ballesteros. Inicia entón, no curso 1898-99, os estudos de Bacharelato que culminará en outubro de 1903 coa obtención do Grao de Bacharelato, despois de ir aprobando todas as materias dos cinco cursos dos que constaba entón a ensinanza secundaria do Bacharelato con notables cualificacións e, agás tres materias do último curso, sempre na convocatoria de xuño.

Curso 1898-99, primeiro curso, Plan do 13-9-1898: Notable en Doutrina cristiá, Castelá e Xeografía; Aprobado en Aritmética e Ximnasia con Fisioloxía. Curso 1899-1900, segundo curso, Plan do 26-5-1899: Notable en Relixión e Matemáticas; Ben en Francés e Historia; Aprobado en Latín. Curso 1900-1901, terceiro curso: Notable en Perceptiva literaria, Historia e Xeografía e Debuxo; Aprobado en Aritmética e Álgebra, Francés, Debuxo e Ximnástica. Curso 1901-2, cuarto curso: Notable en Historia universal, Elementos de Cosmografía e Debuxo; Aprobado en Xeometría e Trigonometría, Perceptiva dos xéneros literarios e Ximnástica. Curso 1902-3, quinto curso. Notable en Física, Química, Fisioloxía e Hixiene e Debuxo; Aprobado en Psicoloxía e Lóxica e Historia Xeral da Literatura, ademais de Ximnástica por asistencia. En aplicación do R.D. de 26-3-1903, na convocatoria de setembro, aprobou Ética, Historia natural e Agricultura. Nos días 28 e 30 de outubro de 1903 realizou os exames de grao do Bacharelato con nota de Aprobado.

Ademais de contar cos títulos de Maxisterio e Bacharelato, fixo estudos de piano e canto co mestre José Baldomir, actuando en diversos festivais, e de pintura con Máximo Ramos. Casou con César Alvajar Diéguez e foi a primeira muller en pertencer ao Partido

ducido al Cementerio general. La conducción fue una expresiva y sentida manifestación de duelo por la inmensa desgracia que sufre nuestro amigo. [...] llevaban las cintas cuatro condiscípulos de la finada, que con ella habían obtenido el título de Bachiller en Ciencias y Artes". *La Voz de Galicia* (A Coruña), 14-9-1904, p. 2. Pouco despois o director do instituto lamentaba a morte dun compaño, Emilio López Undabarrena, que tamén tiña un extraordinario expediente académico. *La Voz de Galicia* (A Coruña), 2-10-1904, p. 2.

39 ARG. Fondo Escola Normal de Mestras. C-4750.

Galeguista. Desenvolveu un importante labor na Agrupación Republicana Feminina, da foi a súa secretaria durante a Segunda República. Acompañou ao marido cando foi nomeado gobernador civil de Soria en xuño de 1936 e logo de pasar un tempo en Madrid e Valencia, marcharon exiliados a Francia, falecendo Amparo na localidade de Montauban o 12 de novembro de 1942. Posteriormente, os seus restos mortais foron trasladados ao cemiterio da Coruña en 2006 para que repousasen xunto aos do seu marido, falecido en 1965⁴⁰.



Rita Amparo López Jean

Juana Montero Font. N° de expediente: 5.103. Incluímos a esta alumna porque figura como matriculada no instituto da Coruña para o curso 1898-99, pero en realidade, segundo o seu expediente, non chegou a cursar ningunha materia nese instituto. Natural da Habana, realizou naquel instituto o exame de ingreso con Sobresaliente o 23 de setembro de 1895 e aprobou con boas notas naquel mesmo centro as materias do primeiro curso (1895-96), de segundo (1896-97), pero das de terceiro (1897-98) non chegou a examinarse. Imaxinamos que se trasladaría á Coruña coa intención de rematar os estudos, pero a documentación non nos permite saber máis.

40 C. Pereira Martínez, 1998.

Carmen Gutiérrez Corcueria. Nº de expediente: 5.201. Nacida en 1886 na Habana, como a anterior, fixo o exame de ingreso no instituto daquela cidade, onde cursou tamén os dous primeiros cursos de Bacharelato con Sobresaliente en todas as materias como alumna da modalidade de ensinanza libre. No curso 1898-99 figura matriculada no instituto da Coruña, na ensinanza privada do Colexio do Sagrado Corazón, en tres materias, Historia natural, Agricultura e Psicoloxía, Lóxica e Ética, pero non se examinou de ningunha. Con data do 22 de agosto de 1899, o Instituto da Coruña enviou o seu certificado de estudos ao instituto de Sevilla.

María Valiño Longueira. Nº de Expediente: 5.299. María Francisca Josefa naceu na Coruña o 21 de agosto de 1870 e realizou estudos na Escola Normal de Mestras da súa cidade, na que obtivo o título de Mestra de Primeira Ensinanza Superior logo de aprobar os exames da reválida o 29 de xuño de 1885. Impartiu clases de Francés na Normal, de forma gratuíta, entre 1892 e 1899 ata que en xuño de 1916 obtivo a praza por oposición.

No instituto, como alumna de ensinanza libre, matriculouse no curso 1898-99 das materias de Francés I e Francés II, obtendo en ámbalas dúas materias Sobresaliente na convocatoria de xuño.

Con data de 20 de maio de 1920 María Valiño enviou unha petición ao Ministerio de Instrucción Pública solicitando que os profesores especiais —caso de Francés— aos que se lles modificou a súa condición e únicamente se les permitía formar parte do Claustro cando se trataban temas da súa materia en aplicación da R.O. do 16-4-1920, volvesen a ter voz e voto como tiñan antes da publicación da citada norma⁴¹.

Con data do 23 de febreiro de 1926 o Goberno da República Francesa outorgoulle a condecoración *Officier d'Academie*. Posuía tamén o título de enfermeira de Primeira Clase da Cruz Vermella española.

CONCLUSIÓN

A través da análise dos datos proporcionados polos expedientes conservados, o proceso de matriculación e progresión do alumnado feminino foi bastante paralelo ao dos restantes institutos estudiados⁴², e mesmo lixeiramente superior en números totais naqueles anos finais do século XIX. O proceso da incorporación feminina ao ensino secundario

41 Na marxe do escrito de María Valiño, con data 21-5-1920, asina a directora da Normal, Mercedes Tella, indicando que está de acordo en tramitar a petición co argumento que sería positivo o cambio *por la buena marcha y unidad en la labor docente*. AHUS. F.U. caixa 2.636.

42 A. Correa Figueroa, 1996; A. Delgado Fernández, 1996; C. Flecha García, 1996; R. Jiménez, 1987; M. Vico Montoliva, 1988.

continuou de forma moi lenta en toda España e, no caso da Coruña, o ritmo continuou de forma similar ata finais da primeira década do século XX. Se relacionamos o número de alumnas no instituto coa poboación total da cidade, a proporción sería, aproximadamente, de 0,71 por cada 10.000 habitantes en 1873 e de 1,5 en 1889⁴³. En 1890, as alumnas de ensinanza secundaria na Coruña supoñían o 0,5% do total da poboación matriculada nese tramo de ensino⁴⁴.

Se nos fixamos nas cualificacións obtidas nas diferentes materias, chama a atención a ausencia de suspensos e abundancia de sobresalientes —a maior porcentaxe— abundando tamén os notables. Parece isto demostrar que as alumnas que se decidiron a matricularse o fixeron por verdadeiro interese e aceptaron o reto de demostrar a súa valía e capacidade. Un dato que chama a atención é que, en varios casos, logo de obter moi boas cualificacións, a alumna non se presenta a materias nas que estaba matriculada e non continúa os estudos, pero cos datos que posuimos non podemos coñecer as razóns dese cambio de actitude que se pudo deber a múltiples causas.

BIBLIOGRAFÍA

- BALLARÍN DOMINGO, Pilar. (1999). “Maestras, innovación y cambios”, *Arenal*, vol. 6, nº 1, pp. 81-110.
- BALLARÍN DOMINGO, Pilar. (2001). *La educación de las mujeres en la España contemporánea. S. XIX y XX*. Madrid, Síntesis.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN (1966). “Un ilustre prócer coruñés. Daniel Carballo”, *Revista* (Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses), nº 22, pp. 163-176.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1986). *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña, La Voz de Galicia.
- CORREA FIGUEROA, Antonio (1996). “Las primeras alumnas en el instituto de Segunda Enseñanza de Huelva”, en Nieves GÓMEZ GARCÍA (edit.) *Presente y futuro de la educación secundaria en España*. Sevilla, Kronos, pp. 123-134.

43 Para o total do alumnado, se en 1874, “había diecisiete estudiantes de Segunda Enseñanza por cada 10.000 habitantes [...] en 1930, cincuenta y seis años después, el número sólo había ascendido a veintisiete”. E. Díaz de la Guardia, 1988: 508.

44 No instituto da Coruña estaban matriculados 474 en ensinanza oficial —a cifra máis elevada de todos os institutos de Galicia— e 124 en privada. R. Faginas, 1890: 260.

- COSTA RICO, Antón (1989). *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Xunta de Galicia.
- COSTA RICO, Antón (2004). *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo, Xerais.
- CRUZ RODRÍGUEZ, M^a Alcázar (2002). *Historia del Instituto Santísima Trinidad de Baeza (1869-1953)*. Jaén, Universidad.
- DE GABRIEL, Narciso (1990 a). “La mujer como maestra” en AAVV. *Mujer y educación en España. 1868-1975*. VI Coloquio de Historia de la Educación. Universidad de Santiago, pp. 437-448.
- DE GABRIEL, Narciso (1990 b). *Leer, escribir y contar, Escolarización popular y sociedad en Galicia. 1875-1900*. Sada, Ediciós do Castro.
- DELGADO FERNÁNDEZ, Ascensión; FLECHA GARCÍA, Consuelo; (1996). “Alumnas del Instituto de Segunda Enseñanza de Cádiz antes de 1910”, *Tavira: Revista de ciencias de la educación*, nº 13, pp. 25-42.
- DÍAZ DE LA GUARDIA, Emilio (1988). *Evolución y Desarrollo de la Enseñanza Media en España de 1875 a 1930. Un conflicto socio-pedagógico*. Madrid, CIDE.
- FAGINAS ARCUAZ, Robustiano (1890). *Guía-indicador de La Coruña y de Galicia para 1890-91*. A Coruña, Imprenta de V. Abad.
- FLECHA GARCÍA, Consuelo (1996). «Las primeras alumnas del Instituto de Segunda Enseñanza de Sevilla», en VV.AA. *El Instituto San Isidoro de Sevilla. Estudios y Recuerdos del Sesquicentenario de su creación*. Sevilla, I. B. San Isidoro, pp. 193-204.
- FLECHA GARCÍA, Consuelo (1997). *Las mujeres en la legislación educativa española. Enseñanza Primaria y Normal en los siglos XVIII y XIX*. Sevilla, GIHUS.
- FLECHA GARCÍA, Consuelo (1998 a). “La incorporación de las mujeres a los institutos de Segunda Enseñanza en España”, *Historia de la educación. Revista interuniversitaria*, nº 17, pp. 159-178.
- FLECHA GARCÍA, Consuelo (1998 b). *Textos y Documentos sobre educación de las mujeres*. Sevilla, Kronos.

- FLECHA GARCÍA, Consuelo (2000). “Profesoras y alumnas en los Institutos de Segunda Enseñanza (1910-1949)”, *Revista e Educación*, nº extraordinario, pp. 269-294.
- FLECHA GARCÍA, Consuelo (2006). “Mujeres en Institutos y Universidades, en Isabel MORANT (dir.) *Historia de las Mujeres en España y América Latina*. Vol. 3. (*Del siglo XIX a los umbrales del XX*). Madrid: Cátedra, pp.455-485.
- FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (1992-93). “O Instituto de Segunda Ensinanza da Coruña no século XIX. O ensino das Ciencias Naturais”, *Revista* (Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses), nº 27-28, pp. 53-94.
- GÓMEZ SOMOZA, José. (1902). “La instrucción elemental en La Coruña según el último censo”, *Revista Gallega*, 19-11-1902.
- JIMÉNEZ MADRID, Ramón (dir.) (1987). *El Instituto Alfonso X el Sabio. 150 años de historia*. Murcia, Ed. Regional de Murcia.
- MARCO LÓPEZ, Aurora (1993 a). *As precursoras. Achechas para o estudo da escrita feminina (Galiza, 1800-1936)*. A Coruña, La Voz de Galicia.
- MARCO LÓPEZ; Aurora (coord.) (1993 b). *Simposio Internacional Muller e Cultura*. Santiago, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago.
- MARCO LÓPEZ, Aurora (2005). “María Barbeito: diálogo y centros de interés en las aulas”, en *RETRATOS de maestras. De la Segunda República hasta nuestros días*, Madrid, Cuadernos de Pedagogía, 2005, p. 43-47.
- MARCO LÓPEZ, AURORA (2007). *Diccionario de mulleres galegas (Das orixes a 1975)*. Vigo, A Nosa Terra.
- MARCO LÓPEZ, Aurora (2020). *Irmandiñas*. Santiago, Laioveneto.
- MEIJIDE PARDO, Antonio (1991). *Ensebio da Guarda y el Instituto de Segunda Enseñanza de La Coruña*, La Coruña, Galicia Editorial.
- MIGUEZ TAPIA, Enrique (1966). “Aportaciones a la historia de las instituciones de La Coruña. El Instituto de Segunda Enseñanza”, *Revista* (Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses), nº 1, pp.127-134.
- PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos (1998). “Mulleres e Repùblica. Aproximación ás asociacións de mulleres progresistas na Coruña republicana”, *Anuario Brigantino*, nº 21, 1998, pp.255-289.

- PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos (s.d.) *Rita Amparo López Jeán*. Asociación cultural Alexendre Bóveda. <https://www.acalexandreboveda.gal/amparo-lopez-jean/>
- ROMERO MASÍA, Ana (2014). *Maria Barbeito. Unha vida dedicada ao servizo da escola e dos escolares*. A Coruña, Baía Edicións.
- RUSO DE LAGO, Isabel (2020). “O instituto da Coruña”, *Eduga. Revista galaica do ensino*, nº 80, xullo-decembro 2020. <http://www.edu.xunta.gal/eduga/496/nosa-escola/o-instituto-da-coruna>
- SÁNCHEZ PASCUA, Felicidad (1985). *El Instituto de Segunda Enseñanza de Badajoz en el siglo XIX (1845-1900)*. Badajoz, Diputación Provincial.
- VÁZQUEZ VILANOVA, José Antonio (2012). *La enseñanza secundaria en Galicia a finales del siglo XIX. Características y destinatarios*. <http://www.claseshistoria.com/revista/2012/articulos/vazquez-ensenaza.pdf>
- VICO MONTEOLIVA, Mercedes (1988). «El Instituto de Segunda Enseñanza de Albacete en el contexto de la Segunda Enseñanza española (S. XIX)», en *Cultural Albacete*, n.º 22, pp. 3-14.
- VIÑAO FRAGO, Antonio (1990) «Espacios masculinos, espacios femeninos. El acceso de la mujer al Bachillerato», en VV.AA. *Mujer y Educación en España*. Santiago, Universidade, pp. 567-577.

++++++

ANEXOS

Unha das guías de maior interés para o coñecemento de datos da Coruña a finais do S. XIX, a escrita por Robustiano Faginas, describe con detalle as instalacións dos dous edificios nos que primeiramente se impartiron estudos de ensinanza secundaria e nos que estudaron as alumnas obxecto deste traballo.

ANEXO 1. INSTITUTO DE SEGUNDA ENSEÑANZA

Fue creado, a petición del Excmo. Ayuntamiento de la Coruña, con el carácter de local, por Real orden de 13 de noviembre de 1862, refundida en dicho establecimiento la Escuela de Comercio que, agregada a la de Náutica, existía en la Casa Consulado de esta ciudad.

Instalose en el palacio del señor Marqués de Camarasa, en la calle de Herrerías, adquirido para este objeto por el Ayuntamiento, el que contribuye para sus gastos con la subvención de 10.000 pesetas, satisfaciendo la provincia el déficit del presupuesto.

En la actualidad corre a cargo del Estado, por virtud de haberse incorporado por Real orden de 1 de Julio de 1887.

Por Real orden de 8 de agosto de 1876, a instancia de la Excelentísima Diputación, fue declarado provincial, con el fin de evitar que los alumnos de enseñanza privada y doméstica tuvieran que verificar sus exámenes en otro instituto, en atención a que sólo los establecimientos de carácter provincial están autorizados para examinar esta clase de alumnos.

Danse los estudios generales completos de segunda enseñanza, que habilitan para el título de bachiller.

Posee para la enseñanza de Física un gabinete, que comprende 229 aparatos, distribuidos en la forma siguiente: 90 de mecánica, 6 de acústica, 31 de calor, 30 de luz, y 63 de magnetismo y electricidad. Entre ellos hay algunos poco comunes en esta clase de establecimientos, como el que sirve para explicar la teoría del barómetro, la máquina de vapor de Watt, el anteojito de Rochón, la brújula de inclinación, el aparato de inducción de Clart y el microscopio de Amicci, este último, sobre todo, muestra la imagen en tan considerable aumento, que puede utilizarse perfectamente en observaciones científicas.

Para el estudio de la Química hay un laboratorio, con fogón, horno de forja, hornillos, cubas hidroneumáticas, retortas, balones y matraces, frascos de dos y tres bocas, crisoles, cápsulas, probetas, tubos de seguridad y ensayo y una colección de productos para la obtención de los principales cuerpos de Química mineral.

EL gabinete de Historia Natural dispone de colecciones adquiridas en París, clasificadas y a propósito para la enseñanza de esta asignatura, mereciendo especial atención las de conchiliología, entomología, mineralogía, litología, y paleontología, que respectivamente constan de 400 especies o variedades perfectamente conservadas y determinadas. Posee preparaciones esqueléticas de las distintas clases, colecciones de modelos para la cristalográfica, de cráneos de razas y variedades de la especie humana, iconografías de Cubier y del diccionario de Orbigny, etc. Dicho gabinete está aumentado con donativos y otras adquisiciones, siendo digna de notarse una colección herpetológica de Filipinas.

Para la enseñanza de la Botánica, existe en el local que ocupa el establecimiento un jardín botánico que, si no de grandes dimensiones, contiene representantes de muchas familias con variadas especies, algunas notables, dispuesto y rotulado, según se prescribe para el uso a que se destina.

Tiene magníficas colecciones de mapas y aparatos modernos para la enseñanza de la Geografía; un metro-tipo, un nivel de agua, una buena pantómetra, un sextante de gran precisión y varias colecciones de sólidos con aplicación a las matemáticas; y por último, varios objetos para el estudio de la Cosmografía y Pilotaje, entre los que son notables un magnífico cronómetro con un sextante y horizonte correspondiente y un navío aparejado.

La Biblioteca *particular*, que ocupa uno de los más espaciosos salones del edificio, consta de más de 2.000 volúmenes, adquiridos, en su mayor parte por compra, figurando entre ellos las obras modernas más notables en ciencias, historia, lengua y literatura.

Agregado al establecimiento existe el Observatorio o estación meteorológica, creada por Real orden de 5 de marzo de 1860 por la Junta general de Estadística, y hoy a cargo del Observatorio astronómico de Madrid. Posee un barómetro, un psicómetro, dos termómetros de máxima y mínima, un pluviómetro, un vaso evaporatorio y un anemómetro. Una veleta con rosa de vientos, un meridiano de cañón, un espejo con otra rosa de vientos. Un barómetro registrador, un psicómetro id. Y otro de máxima y mínima; y, por último, un pluviómetro, también registrador. Bajo la dirección del catedrático de Física como jefe y un ayudante de observación, se practican tres diarias: la primera a las siete de la mañana, cuyos datos son transmitidos por telegrama oficial al director del Observatorio astronómico de Madrid, por cuyo conducto se traslada al de Londres y a todas las capitales de Europa; la segunda observación tiene lugar a las nueve, y la tercera a las tres de la tarde, hora de máximas oscilaciones atmosféricas. El parte de éstas se incluye en el que se da a las siete de la mañana siguiente.

FAGINAS ARCUAZ, Robustiano.(1890). *Guía-indicador de La Coruña y de Galicia para 1890-91.* A Coruña, Imprenta de V. Abad, pp. 150-152.

ANEXO 2. INSTITUTO DA GUARDA

De propósito hemos dejado para el último, y como para cerrar este capítulo [Edificios civiles, militares y religiosos] la descripción del precioso instituto que la Coruña debe a la munificencia del ilustre patricio Don Eusebio da Guarda; y lo hemos dejado para el último de los edificios civiles por ser el más hermoso de todos los modernos, el cual, lo mismo que la capilla de San Andrés, fue dirigido por el ilustrado y distinguido arquitecto D. Faustino Coumes-Gay, que debe estar satisfecho de la realización de su proyecto.

Vamos, pues, a dar a grandes rasgos algunos detalles del Instituto da Guarda.

Este edificio está construido sobre los terrenos del antiguo baluarte del Caramanchón; está destinado a Escuela de Bellas Artes, Instituto de segunda enseñanza y Observatorio

meteorológico, hallándose distribuido en relación con las necesidades y servicios que son inherentes a dichos establecimientos.

Mide 50 metros de longitud por 40 de latitud, o sean 2.000 metros superficiales; está precedido de un pequeño parque o jardín rodeado de verja de hierro con tres puertas al frente y dos laterales para entradas de carruajes y peatones, y su emplazamiento se eleva metro y medio sobre la rasante del jardín expresado, salvándose esta diferencia de altura por una escalinata central y dos rampas laterales que conducen a una amplia meseta estivada al nivel del edificio y que forma con aquella el ingreso exterior del mismo.

Consta de planta baja, principal y segundo. La primera se dedica en toda su extensión a las enseñanzas de Bellas Artes y comprende en su distribución un espacioso y bien decorado vestíbulo de ingreso, locales para la dirección, secretaría y sala de profesores; cátedras de dibujo de figura, adorno y paisaje, dibujo lineal y estereotomía; modelado y vaciado de adorno, dibujo del antiguo o copia del yeso; cátedra de Aritmética y Geometría, y clases independientes de dibujo de figura y adorno para señoritas, cuyos locales se hallan dispuestos con la separación debida y tienen entrada independiente por amplios pasillos de servicio, que rodean interiormente el edificio. Además de los locales expresados, comprende el piso bajo otros dos: uno dedicado a laboratorio de química, y otro a la enseñanza de la mecánica.

El piso principal comprende: el salón de actos, que ocupa el cuerpo central de la crujía de la fachada principal y es de servicio común para el Instituto y la Escuela de Bellas Artes; cuarto de togas, portería, cuarto de bedeles y un laboratorio de química y seis espaciosas salas, dos de ellas dedicadas a la sección de música correspondiente a la Escuela de Bellas Artes, y las otras cuatro a las asignaturas propias del Instituto de segunda enseñanza.

El piso segundo comprende un vasto salón para biblioteca, que corresponde con el cuerpo central de la fachada principal encima del salón de actos; dos cátedras situadas a los lados de aquélla, dos grandes salones destinados para gabinete de Historia Natural y Física, en comunicación con las aulas ya citadas, que se dedican a la enseñanza de dichas ciencias, y cuartos de arresto, y cuatro viviendas independientes para los conserjes y porteros de los dos establecimientos que han de ocupar el edificio.

En la parte alta del mismo y dominando la cubierta de trabajos está el observatorio, formado por una azotea que mide diez metros de longitud por seis y medio de latitud, en cuyo centro se eleva un elegante kiosko que sirve de desembarque a la escalera de caracol que da acceso a la azotea.

Para comunicación con los pisos existen tres escaleras, dos de servicio, situadas en las crujías laterales, y una principal de honor, que ocupa la crujía central situada en el vestíbulo. Las primeras suben hasta el piso de las armaduras o desvanes; son amplias, descansadas y

están construidas de madera con balaustrada de hierro; la principal es de forma imperial, o sea de un tramo de ida y dos de vuelta, tiene los peldaños de cantería con balaustrada de mármol blanco tallado, está alumbrada por seis ventanas que corresponden a los patios interiores y por la parte superior ricamente decorada en sus paredes, y toda ofreciendo en su conjunto un aspecto grandioso y monumental.

El salón de actos está situado enfrente de las escaleras de honor y ocupa el cuerpo central de la crujía de la fachada principal, según queda dicho; mide 21 metros de largo, siete de ancho y seis de altura; tiene dos tribunas en los extremos con acceso independiente, y está elegantemente decorado y pintado en sus paredes y techos, luciendo en este último tres medallones de figura con alegorías de las ciencias y las artes, debidas al hábil pincel del distinguido artista D. Román Navarro. La decoración del blanco está ajustada a los planos y detalles suministrados por el arquitecto director de la obra y la pintura de las paredes y techo ejecutada por el hábil pintor D. León Bianchi.

La fachada principal consta de tres cuerpos: un central de sillería, con dos pabellones avanzados sobre la línea general del mismo, y dos laterales más sencillos, construidos de sillería en los huecos, pilastras, fajas y cornisas, y de mampostería en los machones.

Las fachadas de los costados y la posterior tienen las mismas líneas y una decoración análoga a la de los cuerpos laterales de la fachada principal.

Esta última es de carácter monumental; sus elegantes arcadas, cornisas, columnas y adornos tallados, del mejor gusto, ofrecen un conjunto artístico y agradable. Lo mismo en esta que en las fachadas laterales del cuerpo central.

El edificio está dotado de servicio de aguas para limpieza, a cuyo efecto existen en la parte alta del mismo tres grandes depósitos de agua que se eleva por medio de una bomba movida por un motor de gas. Se halla también dotado de toda clase de aparatos para el alumbrado por gas, así en el exterior como en el interior.

El salón de actos se proveerá de alfombras, cortinajes y mobiliario de sillones y banquetas de terciopelo correspondientes, así como de un dosel nuevo, todo por cuenta del donante del edificio. También se colocarán en dicho salón dos arañas de bronce para alumbrado por gas.

Todas las obras del edificio, así como los servicios de alumbrado y aguas y el mobiliario han sido costeadas por el ilustre patrício D. Eusebio da Guarda, que lleva invertido en el Instituto de su nombre una suma que asciende a un millón de pesetas.

Los planos del proyecto y la dirección de las obras han estado a cargo del arquitecto D. Faustino Domínguez Coumes-Gay quien ha mostrado al contratista todos los detalles y plantillas necesarias para la ejecución de las mismas.

El contratista de las obras ha sido el conocido maestro D. Manuel Ferro, quien ha cumplido perfectamente su cometido.

La balaustrada de la escalera ha sido ejecutada en Carrara por D. Pedro Nicoli, conforma a los planos y plantillas remitidas al mismo por el arquitecto. Los trabajos de dirección en yeso han sido ejecutados por D. Hermenegildo Muñoz, y los detalles en madera por el hábil tallista Sr. Rodríguez, sujetándose aquél y éste a los diseños suministrados por el arquitecto director.

Los trabajos de fundición y herrería son obra de D. Miguel Ortiz.

En las anteriores líneas no hacemos otra cosa que dar una muy pálida idea del soberbio edificio, someramente descrito.

La Coruña debe gratitud eterna al insigne patrício D. Eusebio da Guarda, y bien merece que se erija cuanto más antes la proyectada estatua frente al Instituto que le dio vida y nombre.

FAGINAS ARCUAZ, Robustiano.(1890). *Guía-indicador de La Coruña y de Galicia para 1890-91.* A Coruña, Imprenta de V. Abad, pp. 152-155.